



A EUTANASIA



Podemos definir o obxectivo da eutanasia como unha axuda para provocar a morte dun enfermo incurable, sen dó e sen sufrimento.

Así como eutanasia entendemos axudar medicamente a que a morte sexa o menos dolorosa ou máis doce posible. Sobre isto hai avances enormes grazas ó progreso da medicina, pero estes mesmos avances poden chegar a alongar a vida do paciente, sen lograr a curación; isto nalgúns casos provoca o agravamento do problema, converténdose nunha longa agonía irreversible; o que antes a mesma impotencia da medicina resolvía con unha morte a tempo.

Podemos dicir que hai dous tipos de eutanasia:

- ACTIVA: alonga unha agonía irreversible (tarda máis en morrer)

- PASIVA: alivian a dor, acurta a vida (morte rápida)

Dito procedemento xeralmente crea conflitos morais sobre o que se debe ou non facer; e ás veces incluso resulta difícil ver con claridade as diferenzas entre eutanasia activa e pasiva.

Esta teoría foi rexeitada polo catolicismo, xa que a igrexa opina que só o destino e Deus son quen deben decidir o cando, onde, como e por que debes morrer. Así mesmo, tampouco foi aceptada e legalizada en todos os países, posto que, ademais de chocar cos principios relixiosos carece de fundamento xurídico.

Este tema, hoxe en día, é moi falado e debatido en todos os puntos do mundo; o que dá pé a libros escritos sobre este tema ou películas como a actual e famosa "Mar Adentro".

Nós quixemos saber o que o alumnado deste centro sabía e opinaba sobre a eutanasia, e, despois de facer unha enquisa a algúns dos nosos compañeiros, dende os principiantes ata os máis veteranos, podemos afirmar que unha porcentaxe moi baixa (salvo algúns dos cursos máis altos) sabe con claridade o que a eutanasia significa.

Despois dunha breve explicación de dito tema podemos dicir que a totalidade dos entrevistados (100%), está a favor da eutanasia, sempre e cando sexa o paciente a persoa que o decida e o pida.

Observando as diferentes respostas que nos deron, estas foron algunhas das que puidemos oír entre os máis cativos ó principio da entrevista: "morte no hospital", "cando unha persoa está moi enferma e quere morrer

e non a deixan", "cando matan a unha persoa que está moi enferma", "unha enfermidade" ou simplemente "nada". E entre os máis grandes obtivemos respostas como: "desenchufar a alguén", "liberdade de expresión", "cando estás a punto de palmala", "cando queres morrer e non te deixan".....entre outras.

Outra das preguntas que lles fixemos foi que se pensaban que se debería legalizar en España e todos opinaron que si.

Tamén todos dixeran que si á pregunta de que se estarían dispostos a practicarlle a eutanasia a un familiar que estivese nun estado terminal.

Só dúas persoas souberon o que significaba a eutanasia activa e pasiva xa que o resto dos entrevistados nunca oíran falar sobre isto,

E xa por último outra das preguntas que lles fixemos foi que por que pensaban que a igrexa estaba en contra da eutanasia e obtivemos respostas como: "iso é algo moi chungo, habería que preguntarllo". "porque o Papa é así", "porque a igrexa non evolucionou xunto coa sociedade", "porque é dereito divino dar vida"....

Isto foi todo o que nos dixestes e agora que cada quen saque as súas propias conclusións.

A nós só nos queda darvos as grazas ós entrevistados por un anaquiño do voso tempo (aunque algúns nos destes as grazas xa que así non tiñades que aguantar o rolo dalgún profe ¿non?).

GRACIAS POR TODO.

Marguinha, Rocy e Bareto. (BAC 1°C)